

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN EXTRAORDINARIA E EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 9 DE NOVEMBRO DO ANO 2018

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 45 minutos do día 9 de novembro do ano 2018, baixo a Presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, reúnese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

ALBERTO FUENTES PREGO

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA, ELADIO VERDÍA GARCÍA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑÓN

Excusa a súa asistencia: **JOSÉ RAMON MARTÍNEZ BARBEITO, CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN**

Asiste como secretaria a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.

Asiste como Interventor Manuel Martínez Varela, o da Corporación

1º APROBACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN

Xustifica a urxencia da sesión o señor alcalde na necesidade de modificar o literal da base do orzamento relativa á subvención á Agrupación de Protección Civil e que entre en vigor antes de que remate o ano.

2º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO NO RELATIVO Á SUBVENCIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL

Explica o alcalde a proposta que se trae a este Pleno, que se copia:

Visto que no orzamento do concello de A Laracha figura, como subvención nominativa, entre outras, a seguinte:

- Protección Civil, importe 10.000,00 € para gastos de mantención e desprazamento

Visto que en data 23/08/2018 o Pleno do concello de A Laracha acordou, entre outros:

...aumentar en 20.000,00 € a subvención nominativa a favor de Protección Civil para o financiamento das actividades que realizan quedando un total de 30.000,00 € de subvención para esta finalidade.

Considerando que o concepto polo que se concedeu a subvención “gastos de mantención e desprazamento” así como “financiamento das actividades que realizan” non son os máis axeitados para subvencionar no caso da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil dado que quedarían fora do mesmo aqueles gastos derivados da compra de material, equipamento, vestimenta, mantemento, aplicacións informáticas,...

Visto o disposto no artigo 165.1 p 2 do RDLex 2/2004 de 5 de marzo:

1. El presupuesto general atenderá al cumplimiento del principio de estabilidad en los términos previstos en la [Ley 18/2001, General de Estabilidad Presupuestaria](#), y contendrá para cada uno de los presupuestos que en él se integren:

...

Asimismo, incluirá las bases de ejecución, que contendrán la adaptación de las disposiciones generales en materia presupuestaria a la organización y circunstancias de la propia entidad, así como aquellas otras necesarias para su acertada gestión, estableciendo cuantas prevenciones se consideren oportunas o convenientes para la mejor realización de los gastos y recaudación de los recursos, sin que puedan modificar lo legislado para la administración económica ni comprender preceptos de orden administrativo que requieran legalmente procedimiento y solemnidades específicas distintas de lo previsto para el presupuesto.

Visto o disposto no artigo 169 do RDLex 2/2004 de 5 de marzo:

1. Aprobado inicialmente el presupuesto general, se expondrá al público, previo anuncio en el boletín oficial de la provincia o, en su caso, de la comunidad autónoma uniprovincial, por 15 días, durante los cuales los interesados podrán examinarlos y presentar reclamaciones ante el Pleno. El presupuesto se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un plazo de un mes para resolverlas.

...

3. El presupuesto general, definitivamente aprobado, será insertado en el boletín oficial de la corporación, si lo tuviera, y, resumido por capítulos de cada uno de los presupuestos que lo integran, en el de la provincia o, en su caso, de la comunidad autónoma uniprovincial.

Vista a fiscalización favorable da Intervención municipal e tendo en conta o disposto no artigo 22 da lei 7/1985 de 2 de abril en relación co réxime de delegación de competencias do concello de A Laracha.

Propoño ao Pleno do concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar as bases de execución do orzamento do concello de A Laracha e reaxustar o concepto da subvención nominativa concedida a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil por un importe total de 30.000,00 € de tal xeito que a mesma concédese para “gastos de funcionamento (material, equipamento, vestimenta, mantemento da base ou de equipos, aplicacións informáticas e de comunicación, combustible, gastos ocasionados durante as súas actuacións..)” ampliando o prazo de xustificación ata o 28 de decembro do 2018.

Segundo.- Someter o presente acordo a información pública durante un período de 15 días hábiles período durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar, no seu caso as reclamacións que consideren oportunas. En caso de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo sen necesidade de novo acordo plenario.

A Laracha

O Alcalde

Asd.: Jose Manuel López Varela

Sométese a votación a proposta de alcaldía, resultando aprobada por unanimidade.

O alcalde, antes de levantar a sesión explica wue a sede de emerxencias de protección civil estará situada no edificio anteriormente chamado Viveiro de Empresas

Non habendo mais asuntos que tratar dase por levantada a sesión sendo as 13:55h